Abordaríase a violencia de xénero en calqueira das súas formas, formas que co paso do tempo, revisten un salientable incremento e que tornase un novo reto para as políticas públicas de xeito que requiren novos recoñecementos legais e novos protocolos de actuación, que aborden dito problema dun xeito global e conxunto.

A OMS con respecto a esta reflexión indica que *“Os datos de mellor calidade sobre a prevalencia da violencia sexual proveñen de enquisas baseadas na poboación”*.

A enquisa fíxose no mes de xullo de forma telefónica a **3.874** persoas residentes en Galicia e de 18 ou máis anos de idade, o que supón un **aumento do tamaño da mostra dun 287% con respecto á última enquisa** (no ano 2012 foron 1.001 as persoas enquisadas).

A distribución poboacional das 3.874 persoas enquisadas foi de: 2.156 mulleres o 55,7% e 1.717 homes o 44,3% e, por provincias realizáronse as seguintes enquisas:

- 1.598 na Coruña.
- 1.340 en Pontevedra.
- 478 en Lugo.
- 458 en Ourense.




Sinalar que algo máis da metade da poboación que participou no estudo reside no ámbito rural, o 58,4%, mentres o 41,6% das persoas enquisadas residen en áreas urbanas.

É importante destacar, que neste análise de contexto, no ámbito autonómico, en Galicia, dende a aprobación no ano 2007 da Lei Galega para a prevención e tratamento da violencia de xénero, **A VIOLENCIA SEXUAL SE RECOÑECE TAMÉN COMO UNHA FORMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO.**

En relación aos motivos que a cidadanía considera como desencadeamentos da violencia sexual, o maior grao de acordo (todos por enriba do **80%**) maniféstase co **"machismo imperante na sociedade"**, os **"problemas psicolóxicos ou mentais dos agresores"**, a **"falta de autocontrol do agresor"** e o **"abuso de alcohol e drogas"** dos agresores.

Menor consideración obteñen os que se poden definir como motivos vinculados directamente ao comportamento sexual, como é a **"educación sexual deficiente entre a mocidade"** (78,4%) e **"o aumento no consumo de pornografía"** (67,1%).


Un 7% da poboación alude a outros motivos diferentes dos expostos, como a **"carencia dunha educación en valores e igualdade"** para toda á sociedade. Outras respostas comúns son a **"levedade das penas impostas ou impunidade"** a este tipo de comportamentos ou o afán de **"dominación, abuso de poder do home sobre a muller"**.



Segundo o sexo, aínda que todas as categorías son mencionadas de xeito maioritario como posibles motivos da violencia sexual, aprécianse algunhas diferenzas entre homes e mulleres.

A grandes liñas, os homes tenden a identificar en maior proporción como desencadeamentos problemas relacionados coa personalidade do agresor, como o **"abuso de alcohol ou drogas"**, **"problemas psicolóxicos ou mentais do suxeito"**, ou a **"falta de autocontrol"**, mentres que as mulleres cren en maior medida que unha das razóns deste tipo de violencia é un **"machismo instalado en xeral na sociedade"**.

Tamén as mulleres mencionan con máis frecuencia o **"aumento do consumo de pornografía"** como posible causante.




Por idade, existen diferenzas sensibles entre os diferentes grupos:

En primeiro lugar, pode observarse que os temas referidos á conciencia social son máis sinalados pola xente moza e vai descendendo conforme avanza a idade. Así, por exemplo, o **"machismo en xeral na sociedade"** é visto como causa da violencia sexual por un 92,1% das persoas entre 18 e 29 anos, fronte a 76,4% das de máis de 65 anos.

Tamén os mozos e mozas consideran en maior medida que a **"educación sexual que existe entre a mocidade é deficiente"** e isto ten consecuencias no aumento deste tipo de violencia (85,9% fronte a 69% do grupo de idade superior).

Percepción sobre o aumento da violencia de xénero



A percepción que a cidadanía galega ten acerca da situación das mulleres que sufriron algún tipo de violencia sexual é a seguinte:

A maioría das persoas afirman estar moi ou bastante de acordo con que **“son tratadas inxustamente e a súa credibilidade vese cuestionada dalgún xeito”**, en concreto o 62,8%. Similar é a porcentaxe da poboación que cre que as mulleres **“non están suficientemente protexidas pola lexislación actual”** (61,8%).

É exigua, en cambio, a proporción de persoas que están de acordo en que as mulleres que sufriron violencia sexual **“non tiveron suficiente coidado”** á hora de protexerse (12,5% está moi ou bastante de acordo con esta afirmación) e que **“en ocasións provocaron ao agresor dalgún xeito”** (9,6%).

Por sexo, as mulleres móstranse en maior medida de acordo con que a situación da vítima é de vulnerabilidade ante este tipo de situacións e, por exemplo, afirman en maior proporción que **“son tratadas inxustamente e a súa credibilidade vese cuestionada”** (67,5% fronte ao 56,9% dos homes) ou que **“non están suficientemente protexidas pola lexislación actual”** (64,4% nas mulleres e 58,4% nos homes).

En canto á percepción de que as vítimas **“non tiveron suficiente coidado”** ou de que **“en ocasións provocaron ao agresor dalgún xeito”**, é algo no que están máis de acordo os homes (16,2% e 13,2% respectivamente, estando por debaixo do 10% as mulleres), se ben segue sendo unha postura minoritaria.

Atendendo á idade, tamén atópanse diferenzas importantes entre os colectivos.

En xeral, a medida que diminúe a idade da persoa móstrase máis de acordo con que as vítimas **"son tratadas inxustamente e se cuestiona a súa credibilidade"** e **"non están suficientemente protexidas pola lexislación"** (72,9% e 68,3% da poboación de 18 a 29 anos está moi ou bastante de acordo con estas afirmacións respectivamente), a diferenza das persoas maiores de 65 anos (55,9% e 54,7).

No caso das outras dúas afirmacións prodúcese a tendencia contraria, de xeito que os grupos de maior idade están máis de acordo en que dalgún xeito as vítimas **"en ocasións provocaron ao agresor"** (15% nas persoas maiores de 65 anos fronte ao 4,8% da poboación de 18 a 29 anos) ou que **"non tiveron suficiente coidado"** (20,3% no caso do grupo de idade máis alta e 4,2% na xente máis nova).

Por nivel de estudos, a maior nivel formativo maior de acordo co tratamento inxusto e desprotección que reciben as vítimas e menor nivel de desacordo con culpabilas de non ter coidado ou provocar ao agresor.

Por último e para ter un punto de partida neste enfoque sobre a violencia sexual, o seu contexto, crecemento, impacto e repercusión transversal nos diferentes eidos sociais, culturais, legais e políticos debemos reflexar que, no ano 2020 en Galicia:

Cando se pregunta as persoas enquisadas por cal cren que é o motivo da violencia sexual, **o 80% están de acordo coas seguintes afirmacións:**

- **O machismo da sociedade.**
- **Problemas psicolóxicos ou mentais dos agresores.**
- **A falta de autocontrol dos agresores.**
- **O abuso de alcohol ou drogas dos agresores.**

Unha porcentaxe tamén importante son os motivos vinculados directamente ao comportamento sexual, como son:

- A educación sexual deficiente entre a mocidade (78,4%) e o aumento no consumo de pornografía (67,1%).

Se diferenciamos a resposta por sexo, os homes tenden a identificar en maior proporción problemas relacionados coa personalidade do agresor, como o abuso de alcohol e drogas, problemas psicolóxicos ou mentais do suxeito ou a falta de autocontrol.




8. COÑECEMENTO E PERCEPCIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL

PERCEPCIÓN DA SOCIEDADE GALEGA SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO

DIFERENCIAS POR SEXO

Os homes tenden a identificar en maior proporción problemas relacionados coa personalidade do agresor, como o "abuso de alcol ou drogas", "problemas psicolóxicos ou mentais do suxeito", ou a "falta de autocontrol".

As mulleres cren en maior medida que unha das razóns deste tipo de violencia é un "machismo instalado en xeral na sociedade" e o "aumento do consumo de pornografía" como posible causante.



Os temas referidos á conciencia social son máis sinalados pola xente moza e vai descendendo conforme avanza a idade ("machismo na sociedade"; "educación sexual que existe entre a mocidade é deficiente"...).

No caso dos aspectos vinculados directamente co perfil do agresor, son as persoas de idades intermedias as que en maior proporción se refiren a eles.

DIFERENCIAS POR IDADE

Mentres as mulleres cren en maior medidas que unha das razóns deste tipo de violencia é o machismo instalado na sociedade e o aumento do consumo de pornografía como posible causante.



Similar é a porcentaxe da poboación que cre que as mulleres "non están suficientemente protexidas pola lexislación actual", co **61,8%**.

As mulleres móstranse en maior medida de acordo con que a situación da vítima é de vulnerabilidade ante este tipo de situacións. En canto á percepción de que as vítimas "non tiveron suficiente coidado" ou de que "en ocasións provocaron ao agresor dalgún xeito", é algo no que están máis de acordo os homes, se ben segue sendo unha postura minoritaria.

A medida que diminúe a idade da persoa móstrase máis de acordo con que as vítimas "son tratadas inxustamente e se cuestiona a súa credibilidade" e "non están suficientemente protexidas pola lexislación".

No ano **2021** a pesar da situación de pandemia provocada pola covid19 que seguiu obrigando a manter unha serie de restricións e medidas de alcance sanitario e social, a Xunta de Galicia seguiu apostando pola prevención da violencia sexual, xa que tras as necesidades detectadas co Estudo de percepción social, do ano 2020, as cifras dos delitos da violencia sexual foron e seguen a ser preocupantes.

A **Xunta de Galicia** tentou paliar dito incremento non só con programas de achegamento e sensibilización sobre a materia, senón co mantemento de programas como a Campaña **"Agresión Off"**, **"Eu digo non á violencia sexual"** que deron cobertura intencional, preventiva e de tratamento directo a problemática xerada polo incremento dos casos de violencia sexual.

Estas Campañas seguiron funcionando e estando presentes nos distintos concellos galegos e en diferentes ámbitos da vida social, laboral e cotiá dos galegos e galegas.

Durante o desenvolvemento deste tipo de Campañas, a **Xunta de Galicia** a través de persoal técnico especializado desenvolve as seguintes actuacións directas:

- **Actividades de información sobre a violencia sexual en particular, e sobre a violencia de xénero en xeral. Trátase de sensibilizar e concienciar ao público asistente aos eventos da importancia de romper coas condutas violentas e non igualitarias, tanto nas relacións sociais como de parella, principalmente entre a xente nova.**
- **Realización de actividades lúdico formativas diversas.**
- **Distribución de material de prevención e atención a vítimas da violencia sexual así como outro material que achegue información e que contribúa á sensibilización.**

Ademais de afrontar de un modo activo a situación e os datos en continuo crecemento , a Xunta de Galicia seguiu concibindo proxectos e programas de índole transversal para o tratamento e prevención de todo tipo de violencia sobre a muller, no eido das violencias sexuais.

A **Xunta de Galicia** non cesou na súa tarefa de presenza, prevención e tratamento con políticas activas, senón que tamén, logrouse ir un paso mais aló , con outra serie de medidas, neste caso de recoñecemento legal.

No ano 2021 foron levadas a cabo como comunidade pioneira na adaptación das normativas, dúas reformas seguindo os protocolos de acción marcados pola UE para os estados membros, mantendo o compromiso de ampliación de acción e alcance coas medidas nacionais do Pacto de Estado.

Unha vez mais, Galicia convertese nunha comunidade autónoma referente no que a prevención, compromiso, visibilidade e recoñecemento se considera.

No ano 2021 o PARLAMENTO GALEGO, con respecto a situación xerada polos incrementos nas realidades ligadas as violencias sexuais e en cumprimento das directivas europeas nas que se insta a todos os estados membros a adaptar as normativas deu diferentes pasos adiante no eido do recoñecemento legal de diferentes tipoloxías, condutas e situacións, que modificaron o contido da Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Neste aspecto deberíamos salientar dous:

Lei 14/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

O 20 de xullo, coa Lei 14/2021, procedeuse a primeira modificación do 2021 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e integración da violencia de xénero.

Mediante esta modificación recoñécese como vítimas de violencia de xénero aquelas mulleres que teñen ou tiveron que padecer o homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller ou de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia, ampliando, en consecuencia, o concepto de violencia de xénero.

A violencia vicaria, concepto que se inclúe con esta modificación defínese como aquela violencia que se exerce sobre a muller co fin de lle causar o maior e máis grave dano psicolóxico a través de terceiras ou interpositas persoas e que acada o seu grao máis elevado de crueldade co homicidio ou asasinato das mesmas (fillos e fillas, nai, pai, parella actual etc.)

En consecuencia, amplíase o concepto de violencia de xénero do artigo 1 da lei, recoñecéndose explicitamente este tipo de violencia "violencia vicaria" como unha forma de violencia de xénero, recolléndoa como tal no artigo 3 da lei.

LEI 15/2021, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

O 3 de decembro de 2021, o Parlamento de Galicia aprobou a *Lei 15/2021*, pola que se modifica a ***Lei autonómica 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e integración da violencia de xénero.***

O propósito desta adaptación e modificación normativa é incluír na mesma ás mulleres que experimentan a chamada violencia de xénero dixital recoñecendo este tipo de violencia e as súas formas.

Esta modificación, actualiza e recolle as tipoloxías xa recoñecidas como violencia contra a muller salientando que, co avance das novas tecnoloxías incrementáronse as denuncias de control, sometemento, ameazas ou violencia psicolóxica exercida a través de medios dixitais polo que é necesario definir e incorporar o concepto da ciberdelincuencia e, especialmente é comportamento ou manifestación de violencia que se exerce meses medios contra as mulleres.

3.1 MODIFICACIÓNS DA LEI 11/2007. MOTIVACIÓN.

“Unha comunidade pioneira na prevención e tratamento da violencia de xénero.”

A **Consellería de Emprego e Igualdade**, a través da **Secretaría Xeral de Igualdade**, ten entre as súas funcións a de dotar a nosa comunidade, Galicia, das diferentes medidas, proxectos e accións dirixidas a consecución da Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o mesmo tempo que encara novos desafíos e retos para a prevención, tratamento e recoñecemento da Violencia de Xénero.

A violencia de Xénero, presentase na actualidade como un dos maiores problemas da nosa realidade social e que afecta a vida cotiá das galegas e dos galegos.

Esta lacra, estatisticamente, representa unha das maiores preocupacións a nivel institucional pola defensa dos dereitos en Igualdade entre homes e mulleres.

A Violencia de Xénero manifestase de distintas formas, unhas recoñecidas social e normativamente, e outras que dado a evolución e desenrolo tecnolóxico, dende as Institucións Públicas debemos recoñecer e plasmar xuridicamente para garantir a súa prevención e defensa cara das vítimas.

Avanzar na igualdade de oportunidades e na loita, tratamento e prevención da Violencia de Xénero é dende a Consellería de Emprego e Igualdade, progresar na configuración dunha sociedade mais equilibrada e mais solidaria e por iso, debemos abordar novos retos e realidades para afondar nesa realidade.

Nos últimos tempos a Consellería de Emprego e Igualdade ven traballando na prevención, sensibilización e formación sobre a violencia de Xénero Dixital, a través de diversos programas dirixidos a mocidade, a través das entidades locais, Centros Educativos, ou en distintos foros de Educación en Igualdade.

A través dos informes e estatísticas nas que se salientaba un vertixinoso incremento de violencia contra a muller exercida por medios dixitais, emprendeuse un proceso de seguimento e estudio que culminou coa modificación da Lei autonómica 11/2007.

O 3 de decembro de 2021, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 15/2021, pola que se modifica a Lei autonómica 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e integración da violencia de xénero.

O propósito desta adaptación e modificación normativa é incluír na mesma ás mulleres que experimentan a chamada violencia de xénero dixital recoñecendo este tipo de violencia e as súas formas.

Galicia a día de hoxe preséntase como unha comunidade pioneira neste traballo así como no pulo, seguimento e avance normativo no que preténdese enmarcar unha nova realidade orientada a protexer, recoñecer e dar un marco legal real e expreso para unha comunidade mais equitativa, xusta e sobre todo garantir a integridade, os dereitos fundamentais e tender a igualdade real entre homes e mulleres.

Esta modificación, actualiza e recolle as tipoloxías xa recoñecidas como violencia contra a muller salientando que, co avance das novas tecnoloxías incrementáronse as denuncias de control, sometemento, ameazas ou violencia psicolóxica exercida a través de medios dixitais.

É necesario definir e incorporar o concepto da ciberdelincuencia e, especialmente o comportamento ou manifestación de violencia que se exerce neses medios contra as mulleres.

A violencia de xénero dixital inclúe todos os actos de violencia de xénero cometidos a través das novas tecnoloxías, as redes sociais ou Internet, así como as imaxes tomadas e difundidas sen consentimento, xa sexa no ámbito público ou privado.

Nesta reforma alúdese como tal a aquelas condutas que levan consigo a distribución de imaxes de contido sexual ou filtración de datos nas redes, a usurpación da vítima ou a creación de perfís falsos para desacreditala.

Tamén, rexistrar o correo electrónico da vítima nun sitio web para estigmatizala ou causarlle calquera dano, o acceso dixital á computadora dunha vítima para controlar as comunicacións con terceiros.

Ademais do control de dispositivos móbiles e as súas comunicacións, entre outros modos recoñecidos e recoñecibles que poden causar dano ou ataque nunha muller vítima de violencia de xénero aínda que non implique contacto físico con ela.

Para abordar e propoñer esta reforma, foi imprescindible un traballo previo desenvolto dende o departamento de Igualdade da XUNTA DE GALICIA onde tras diferentes estudos e valoracións ademais da execución de diferentes programas dirixidos a mocidade e as entidades locais, poder definir a violencia de xénero dixital, e abordar así esta modificación e ir mais aló no recoñecemento legal desta realidade.

O sentido da reforma non vai só dirixido a identificación das vítimas senón tamén a súa posta a disposición de todos os recursos precisos para a súa

atención facilitando un recoñecemento expreso que permita identificar condutas e fenómenos emerxentes e axuden co seu recoñecemento a seguir traballando no obxectivo de prevención e tratamento da violencia de xénero dixital.

"En consecuencia, con esta modificación normativa, considerarase tamén como violencia de xénero a violencia de xénero dixital ou violencia en liña contra a muller, que inclúe todo acto ou conduta de violencia de xénero cometido, instigado ou agravado, en parte ou na súa totalidade, polo uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), como Internet, plataformas de redes sociais, sistemas de mensaxería e correo electrónico ou servizos de xeolocalización, coa finalidade de discriminar, humillar, chantaxear, acosar ou exercer dominio, control ou intromisión sen consentimento na privacidade da vítima; con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella ou análoga de afectividade no presente ou no pasado, ou de parentesco coa vítima."

Todas estas cuestións fan precisa a modificación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que no seu artigo 3 establece as formas de violencia de xénero que permiten o recoñecemento de vítimas a aquelas mulleres que sofren algunha das formas descritas, ou que lles outorgará a protección establecida lexislativamente, así como das axudas ás que teñen dereito como tales, e a poder acceder ao estatuto da vítima de violencia de xénero.

"Resulta imprescindible definir a violencia de xénero dixital non só para identificar as vítimas e poñer á súa disposición todos os recursos precisos para a súa atención senón que temos que ser capaces de poñer en marcha políticas de prevención da sextorsión (sexting), o cyberbullying, o grooming ou o ciberacoso e abuso sexual a menores de idade, que permitan identificar neste ámbito con antelación condutas e fenómenos emerxentes e previr a violencia de xénero dixital" (Exposición de motivos da Lei 15/2021 pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).

A lei 15/2021, de 3 de decembro, entrou en vigor el 14 de decembre de 2021, día seguinte a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

GALICIA novamente sitúase ó fronte do traballo comprometido para a prevención da Violencia de Xénero como unha das primeiras comunidades en abordar dita problemática dun modo normativo, **xerando un marco de protección e recoñecemento no que a partires deste momento deben encaixar todas as ordes e programas vinculados dotando os mesmos dun mecanismo de acción e protección mais amplo e seguro.**

Ademais, abre paso a un traballo posterior de prevención, reparación as vítimas e de carácter e sentido educacional que debe encaixarse desde xa, no marco da presente normativa.

Este novo panorama normativo reflexará un concepto mais amplo, transversal e enmarcado nun panorama social global, permitindo unha acción unificada, implicada e mais comprometida para proseguir traballando dun modo decidido e común no tratamento e na prevención da Violencia de Xénero.

A partires desta modificación, dende as institucións públicas, ou tamén privadas que no ámbito galego colaboren ou participen coa **Consellería de Emprego e Igualdade** en accións vinculadas neste eido, deben ter en conta as condutas, obxectivos e pautas da presente normativa, a fin de xerar un traballo conxunto unificado en prol dos mesmos obxectivos, coas mesmas motivacións e compromisos que dende este recoñecemento normativo se asentan.

A Xunta de Galicia, entende estes novos desafíos como unha auténtica constante e motivación pretendendo orientar as nosos obxectivos o beneficio da sociedade como colectividade. Debemos ser quen de reinventar, impulsar e protexer valores que adoiten dar un paso adiante para formar e traballar nunha sociedade mais implicada e comprometida con un novo escenario que aspire a unha igualdade plena.

3.2 DATOS DE VIOLENCIA SEXUAL EN GALICIA:

No ano 2020, os feitos coñecidos foron de 547, o que supón un descenso dun 13,72% con respecto ao ano 2019 que foron 634.


Dos 547 feitos coñecidos en Galicia, por provincias:

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
210	58	53	226
38,39%	10,60%	9,69%	41,32%


Feitos coñecidos en Galicia, por tipoloxía penal:

FEITOS COÑECIDOS EN GALICIA POR TIPOLOXÍA PENAL					
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
ABUSO SEXUAL	89	27	21	109	246
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	15	4	3	25	47
AGRESIÓN SEXUAL	30	7	6	20	63
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	26	8	5	22	61
ACOSO SEXUAL	11	6	8	10	35
CONTACTO TECNOLOXÍA MENOR DE 16	12	0	2	12	26
CORRUPCIÓN DE MENORES / PERSOAS CON DISCAPACIDADE	4	1	0	2	7
EXHIBICIONISMO	3	1	2	7	13
PORNOGRAFÍA DE MENORES	17	2	4	13	36
DELITOS RELATIVOS Á PROSTITUCIÓN	2	0	1	4	7
PROVOCACIÓN SEXUAL	1	2	1	2	6
TOTAL POR PROVINCIAS	210	58	53	226	547


DATOS DOS FEITOS ESCLARECIDOS EN GALICIA E PROVINCIAS:



Do total de feitos delituosos ocorridos en Galicia no ano 2020 (547) foron esclarecidos 477, o 87,20% do total (547), por provincias:




FEITOS ESCLARECIDOS EN GALICIA POR TIPOLOXÍA PENAL					
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
ABUSO SEXUAL	79	24	20	96	219
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	13	4	3	23	43
AGRESIÓN SEXUAL	29	6	5	18	58
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	25	8	5	22	60
ACOSO SEXUAL	11	6	8	9	34
CONTACTO TECNOLOXÍA MENOR DE 16	5	0	1	3	9
CORRUPCIÓN DE MENORES / PERSOAS CON DISCAPACIDADE	4	1	0	1	6
EXHIBICIONISMO	3	1	2	4	10
PORNOGRAFÍA DE MENORES	14	2	1	11	28
DELITOS RELATIVOS Á PROSTITUCIÓN	1	0	1	4	6
PROVOCACIÓN SEXUAL	1	1	0	2	4
TOTAL POR PROVINCIAS	185	53	46	193	477




DATOS DE DETENCIONES/INVESTIGADOS EN GALICIA E PROVINCIAS:

Das 352 detenciones/investigados en Galicia, por provincias:



DATOS DETENCIONES / INVESTIGADOS					
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
ABUSO SEXUAL	56	20	12	56	144
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	15	4	3	21	43
AGRESIÓN SEXUAL	19	7	4	10	40
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	23	8	4	18	53
ACOSO SEXUAL	6	5	6	1	18
CONTACTO TECNOLOXÍA MENOR DE 16	1	0	1	1	3
CORRUPCIÓN DE MENORES / PERSOAS CON DISCAPACIDADE	3	1	0	3	7
EXHIBICIONISMO	3	1	1	2	7
PORNOGRAFÍA DE MENORES	18	1	1	10	30
DELITOS RELATIVOS Á PROSTITUCIÓN	1	0	0	4	5
PROVOCACIÓN SEXUAL	1	0	0	1	2
TOTAL POR PROVINCIAS	146	47	32	127	352



3.3 2021: PANORAMA E DESGLOSE DAS VIOLENCIAS SEXUAIS.

DATOS CORRESPONDENTES AO ANO 2021 DO MINISTERIO DO INTERIOR A TRAVÉS DO PORTAL ESTATÍSTICO DE CRIMINALIDADE.

Durante o primeiro trimestre do ano 2021 rexistráronse 133 casos de violencia contra a liberdade e indemnidade sexual, con estes datos refléxase unha diminución do 0,7% fronte ao mesmo período do ano anterior, pola contra, as agresións sexuais con penetración aumentaron nun 33,3%.

Balance de criminalidade. 2021 – 1er Trimestre – CC.AA.	
Unidades: Feitos coñecidos	
	Xaneiro-Marzo 2021
GALICIA	
5.- Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	133

Balance de criminalidade. 2021 – 1er Trimestre – CC.AA.		
	Xaneiro- Marzo 2021	Variación % 2021/2020
GALICIA		
5.- Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	133	-0,7
5.1.- Agresións sexuais con penetración	16	33,3
5.2.- Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	117	-4,1

No segundo trimestre de 2021 aumentan en 193 os casos rexistrados contra a liberdade e indemnidade sexual, chegando a un total de 326 casos. Neste período pódese observar unha tendencia a alza nos delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, chegando case a triplicar os casos.

Os datos das agresións sexuais con penetración chegan a duplicar os do primeiro trimestre, aumentando en 27 casos as agresións só no período comprendido entre maio e xuño. O resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual pasan de 117 a 283, aumentando en 166 casos.

Balance de criminalidade. 2021 – 2º Trimestre – CC.AA.	
Unidades: Feitos coñecidos	
	Xaneiro-Xuño 2021
GALICIA	
5.- Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	326

Balance de criminalidade. 2021 – 2º Trimestre – CC.AA.		
	Xaneiro-Xuño 2021	Variación % 2021/2020
GALICIA		
5.- Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	326	29,4
5.1.- Agresións sexuais con penetración	43	59,3
5.2.- Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	283	25,8

No terceiro trimestre os casos dos que se ten rexistro de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual aumentan a 521, pasando a ter 195 máis que no período comprendido entre maio e xuño.

Nas agresións sexuais con penetración observase un leve descenso, pasando dos 27 casos rexistrados no anterior período a 18 no de xullo a setembro, situándose nos 61 casos no que vai de ano. Pola contra no resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, prodúcese un repunte aumentando neste trimestre 177 casos, acadando un total de 460.

Balance de criminalidade. 2021 – 3er Trimestre – CC.AA.	
Unidades: Feitos coñecidos	
	Xaneiro- Setembro 2021
GALICIA	
5.- Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	521

Balance de criminalidade. 2021 – 3er Trimestre – CC.AA.		
	Xaneiro- Setembro 2021	Variación % 2021/2020
GALICIA		
5.- Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	521	28,3
5.1.- Agresións sexuais con penetración	61	32,6
5.2.- Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	460	27,8

Cos datos obtidos no último trimestre podemos observar como aumentaron un total de 186 en comparación ao trimestre anterior, quintuplicando os casos rexistrados no período de xaneiro a marzo, cun total de 707 casos de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual.

As agresións sexuais con penetración volveron sufrir un leve repunte aumentando en 20 os casos rexistrados neste trimestre, chegando a unha cifra total de 81 casos no período de xaneiro a decembro de 2021; o resto de delitos conta a liberdade e indemnidade sexual aumentaron en 166 en comparación co terceiro trimestre do ano, acadando unha cifra total de 626 delitos.

Balance de criminalidade. 2021 – 4º Trimestre – CC.AA.	
Unidades: Feitos coñecidos	
	Xaneiro-Decembro 2021
GALICIA	
5.- Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	707



Balance de criminalidade. 2021 – 4º Trimestre – CC.AA.		
	Xaneiro- Decembro 2021	Variación % 2021/2020
GALICIA		
5.- Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	707	29,3
5.1.- Agresións sexuais con penetración	81	32,8
5.2.- Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	626	28,8



Cos datos obtidos a decembro de 2021 podemos comparar a evolución anual de casos fronte a 2020, observando un aumento do 29,3% nos delitos contra a liberdade sexual, pasando de 547 casos a 707 no ano 2021.

Nas agresións sexuais con penetración rexistrouse un aumento de 20 casos fronte ao 2020, elevando nun 32,8% os casos rexistrados no 2021 e no resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual o aumento de delitos foi de 140, producindo unha variación dun 28,8% fronte a 2020.

Balance de criminalidade. 2021 – 4º Trimestre – CC.AA.			
	Xaneiro- Decembro 2020	Xaneiro- Decembro 2021	Variación % 2021/2020
GALICIA			
5.- Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	547	707	29,3
5.1.- Agresións sexuais con penetración	61	81	32,8
5.2.- Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	486	626	28,8

Os datos de 2021 da Comunidade Autónoma de Galicia por provincias serían os seguintes:





Se profundamos nos datos acadados a 2020 e 2021 por provincias, atopamos a seguinte variación de datos:

	ANO 2020				ANO 2021	
	Total delitos contra a liberdade e indemnidade sexual		Agresión sexual con penetración		Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	
A Coruña	210	270	26	34	184	236
Lugo	58	66	8	7	50	59
Ourense	53	73	5	10	48	63
Pontevedra	226	298	22	30	204	268
TOTAL	547	707	61	81	486	626

Os datos relativos a Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, divídense en:

5.1 Agresión sexual con penetración.

5.2 Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual.

Se facemos unha comparativa entre os datos dos anos 2020 e os datos do ano 2021* obtemos os seguinte valores:

5. Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual.

	2020	2021	% VARIACIÓN
A CORUÑA	210	270	28,57%
LUGO	58	66	20%
OURENSE	53	73	37,74%
PONTEVEDRA	226	298	18,58%
TOTAL	547	707	29,25%

5.1 Agresión sexual con penetración.

	2020	2021	% VARIACIÓN
A CORUÑA	26	34	30,76%
LUGO	8	7	-14,28%
OURENSE	5	10	100%
PONTEVEDRA	22	30	36,36%
TOTAL	61	81	32,79%

5.2 Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual.

	2020	2021	% VARIACIÓN
A CORUÑA	184	236	28,26%
LUGO	50	59	18%
OURENSE	48	63	31,25%
PONTEVEDRA	204	268	31,37%
TOTAL	486	626	28,81%

* sen consolidar

3.4 PROGRAMAS DESENVOLTOS EN GALICIA.

ACCÍONS DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE EN RELACIÓN Á PREVENCIÓN, SENSIBILIZACIÓN E INFORMACIÓN, SOBRE A VIOLENCIA SEXUAL E O ACOSO SEXUAL.

- **Programa de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual.**

Este programa é desenvolvido pola Fundación Meniños en colaboración coa **Secretaría Xeral da Igualdade**.

Persoas destinatarias:

- Mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, que mostran desaxustes físicos, emocionais, condutuais e relacionais como consecuencia do abuso.
- Familiares ou persoas, baixo o consentimento da vítima, que cumpran un papel imprescindible na recuperación.
- Equipos profesionais da rede que traballan coa vítima (profesionais de centros de acollida cando houbo unha medida de protección, profesionais sanitarios, etc.)

Obxectivos:

- Desenvolvemento dun contexto de seguridade e de prevención de novas situacións de traumatización.
- Acompañar ás mulleres na adquisición de información e habilidades para afrontar as consecuencias do abuso.
- Elaboración dunha narrativa adecuada do trauma.
- Promover a súa integridade da identidade e benestar bio-psico-social.

Metodoloxía:

Intervención centrada nas necesidades das mulleres e baseado na evidencia científica:

- Intervención en crise.
- Psicoeducación.
- Técnicas de regulación emocional e relaxación.
- Afrontamento cognitivo.
- Narrativa do trauma.
- Apoio á revinculación da vítima coa súa contorna relacional e de apoio aos/ás familiares (traumatización secundaria)
- Terapia de grupo.
- O procedemento de intervención que se expón neste programa é unha axuda psicolóxica por parte de profesionais con formación específica na atención ás vítimas de abuso sexual e trauma relacional, no contexto dunha relación segura e voluntaria. As intervencións, tanto desde o modelo de traballo como no seu desenvolvemento técnico están fundamentadas seguindo a evidencia científica dentro do campo da psicoloxía, e a atención sociosanitaria.

As intervencións vinculadas o programa lévanse a cabo nas cidades de Lugo, Coruña, Ourense e Vigo.

No ano 2021 deriváronse un total de **83** casos ao programa:

Programa de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
42	7	4	30
Total: 83			

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Programa DEDALEIRA-Unidade QUERELAR: Detección e identificación de situacións contra a liberdade e indemnidade sexual en mulleres con discapacidade.**



No ano 2021 a [Consellería de Emprego e Igualdade](#), a través da [Secretaría xeral da Igualdade](#), asinou un novo convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) para o mantemento do servizo Dedaleira, especializado en información e asesoramento afectivo-sexual para ás mulleres con discapacidade e a súa contorna.

A súa finalidade é manter o funcionamento do Servizo DEDALEIRA:

Servizo especializado de información e asesoramento afectivo-sexual, destinado ás persoas con discapacidade, no que se inclúe asesoramento individualizado, accións de formación grupal, e o acompañamento e a atención a persoas que viviron ou están a vivir situacións de abusos; De atención e promoción da autonomía afectivo-sexual para as persoas con discapacidade e a súa contorna (familiares, amizades, profesionais, institucións...), que inclúe unha unidade específica de detección e identificación de situacións contra a liberdade e a indemnidade sexual: QUERELAR.

Os obxectivos específicos son:

Obxectivo específico 1: Mantemento do servizo de Dedaleira.

Actividades:

- Mantemento e ampliación dun equipo de traballo especializado.
- Revisión e mellora dos protocolos de actuación.
- Divulgación do servizo.
- Prestación do servizo a través da orientación, información e asesoramento de forma presencial, telefónica e on-line, no que se dea información accesible e adaptada, aténdanse demandas específicas, búsquense solucións a dificultades concretas e do desenvolvemento de intervencións individualizadas e adaptadas ao perfil e ás necesidades de apoio de cada persoa, así como da prestación de apoio psicosocial.

Obxectivo específico 2: Manter a unidade de prevención, detección e intervención en situacións contra as liberdades e indemnidade sexual (Unidade Querelar).

Actividades:

- Valoración dos casos e asesoramento para a toma de decisións.
- Atención psicolóxica individual e grupal.
- Asesoramento legal.
- Asesoramento/Intermediación cos axentes xudiciais para axustes de procedementos.

Obxectivo específico 3: Desenvolvemento de formación específica e profesional dirixida a persoas con discapacidade, a súa contorna afectiva, equipos profesionais que traballa no ámbito da discapacidade, centros educativos de educación especial e/ou axentes xudiciais.

Actividades:

- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas sobre educación afectivo-sexual, prevención, detección e intervención ante/de situacións violencia e/ou abuso.
- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas ante necesidades/situacións específicas.

Obxectivo específico 4: Manter a unidade de abordaxe e intervención ante situación e/ou relación de desigualdade (Unidade Co-Respecto).

Actividades previstas:

- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas sobre educación afectivo-sexual, novas formas de relacionarse e solución de conflitos.
- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas sobre sensibilización e prevención de situacións de violencia e/ou abuso.
- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas ante necesidades/situacións específicas.

Obxectivo específico 5: Mantemento da web específica do servizo.

Obxectivo específico 6: Avaliación do servizos.

Datos de participación nas accións formativas:

	Formacións grupais a persoas usuarias	Formacións grupais a persoal profesional	Intervencións individuais	TOTAL
ACCIÓNS	15	5	71	91
MULLERES	52	18	17	87
HOMES	42	1	7	50
TOTAL PARTICIPANTES	94	19	24	137

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Proxecto "Que farías tí?" Historias interactivas sobre a realidade dos abusos sexuais en mulleres e nenas con discapacidade.**

O Programa "Que farías tí?" consiste nunha serie de historias interactivas sobre a realidade das mulleres e nenas con discapacidade, que teñen como obxectivo sensibilizar sobre a violencia sexual contras as nenas e mulleres con discapacidade profundando naqueles aspectos menos coñecidos da súa realidade.

Foi desenvolvido pola **Secretaría Xeral da Igualdade, da Consellería de Emprego e Igualdade**, en colaboración coa entidade Asociación de mulleres con discapacidade de Galicia que dirixe parte do seu labor para visibilizar, previr e erradicar os diferentes tipos de violencia contra as mulleres con discapacidade e promover os seus dereitos en todos os ámbitos da sociedade,

entre os que é preciso destacar a sexualidade. A importancia desta última radica non só na necesidade de recoñecela como unha dimensión máis da muller con discapacidade, eliminando mitos ou falsas crenzas, ou na de fomentar unha educación sexual en todas as etapas da vida, senón na de facer fronte á violencia sexual e evitar a súa invisibilización.

Os **obxectivos específicos** do programa foron os seguintes:

- Sensibilizar sobre a violencia sexual vivida polas mulleres e nenas con discapacidade e que moitas veces pasa desapercibida a nivel social.
- Proporcionar ferramentas e recursos que capaciten dunha maneira real ás mulleres con discapacidade para a prevención.
- Xerar contidos propios que se acheguen á poboación de maneira visual e inmediata difundíndoos a través dos medios de comunicación e das redes sociais.

As **actividades** dividíronse en 3 etapas:

1.- *A creación de guións*: Para desenvolver esta acción, levaron a cabo 5 talleres de teatro social, que contaron coa participación de mulleres con discapacidade e persoal da entidade, e nos que se profundou na temática da violencia, especificamente da violencia sexual. As historias e guións son o resultado da participación das mulleres con discapacidade e que o reflectido nas mesmas son as súas experiencias e vivencias.

2.- *A creación visual*: cos guións redactados e listos para dar vida aos xogos interactivos, procedeuse á creación audiovisual, que estivo a cargo de artistas galegas que plasmaron, a través da linguaxe e as imaxes, as experiencias das mulleres con discapacidade.

3.- *Rodaxe, edición e postproducción*: nesta última fase, combináronse diferentes escenas fotográficas e visuais, acompañadas en moitas ocasións das propias voces das mulleres participantes nos talleres de teatro social. As historias interactivas contan cun relato visual, textual e de son, o que posibilita chegar ás persoas con diferentes discapacidades, traducíndose nun traballo máis inclusivo que tenta ter en conta a toda a sociedade.

- **PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN CON NENOS, NENAS E ADOLESCENTES VÍTIMAS DE ABUSO SEXUAL.**

Programa da **Consellería de Política Social** desenvolvido en colaboración coa Fundación Meniños, ten como finalidade o tratamento terapéutico en menores vítimas das diferentes formas de abuso sexual infantil e o asesoramento e acompañamento ás familias e equipos profesionais dos que depende o seu coidado.

Persoas destinatarias:

- Nenos, nenas e adolescentes vítimas de abuso sexual infantil que mostran desaxustes emocionais, cognitivos e/ou de conduta como consecuencia do abuso sexual infantil.
- Familiares non agresores e principais persoas responsables do coidado dos nenos e das nenas xa que cumpren un papel imprescindible na recuperación.
- Equipos profesionais que traballan na contorna de nenos e nenas abusadas (equipos técnicos do menor, profesionais de centros de acollida, profesionais da educación social, traballo social, pediatría, ámbito escolar, e demais profesionais implicados na rede de atención á infancia).

Metodoloxía:

O programa de intervención terapéutica está baseado na evidencia científica, empregando a terapia cognitiva-condutual focalizada no trauma (TF-CBT) e a Terapia Familiar Baseada no Apego (TFBA).

Obxectivos:

- Desenvolvemento dun contexto de seguridade e de prevención de novas situacións traumatizantes.
- Acompañar ao neno e á nena e ás persoas adultas coidadoras na adquisición de estratexias e habilidades para afrontar as consecuencias do abuso.
- Elaboración dunha narrativa adecuada do trauma e promover a integridade da identidade e benestar bio-psicosocial do neno ou da nena.

Nº de participantes: **81** (63 mulleres e 18 homes).

- **Campaña Agresión OFF: Eu digo non á violencia sexual.**



Durante o desenvolvemento da campaña no ano 2021 leváronse a cabo accións de sensibilización nos 7 campus universitarios de Galicia, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, nos que se levaron acabo as seguintes actuacións dirixidas ao público universitario:

- Análise das formas de interacción social nas redes para a prevención de violencias sexuais na xuventude e a opinión, percepción, experiencia e aptitudes do alumnado sobre o consumo de sexo comercial.
- O romántico é político: ferramentas para liberar o amor do machismo e a violencia.
- A violencia sexual e o machismo institucional.
- Violencias sexuales: Existen, pero ¿saberías recoñecelas?.
- Medios de comunicación e violencia de xénero.
- Explotación na infancia e adolescencia.
- A pornografía como forma de violencia machista e violencia sexual.

- **Aplicación Agresión OFF.**

Tamén a través da colaboración entre o **Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia** (CPEIG) e a [Secretaría Xeral da Igualdade](#) creou e puxo en marcha a App "Agresión OFF: Eu digo non á violencia sexual" unha App da Xunta de Galicia, con información útil e consellos para evitar e prever agresións sexuais, así como pautas para saber a onde dirixirse para maior apoio e información, que sigue operativa.



A aplicación inclúe un decálogo contra a violencia sexual; consellos prácticos de como actuar ante posibles situacións de riscos e un directorio de lugares onde acudir e pedir axuda, así como teléfonos e información.



- **Campaña do 18 de outubro de 2021. Día europeo contra a trata de persoas.**



A trata de seres humanos xa foi recoñecida como delito na Convención das Nacións Unidas contra a Delincuencia Organizada Transnacional en decembro do ano 2000 (Protocolo de Palermo).

Dende o ano 2011 aparece recollida como delito autónomo no artigo 177 bis do Código Penal.

Neste artigo defínese a trata como: a captación, o transporte, o traslado, a acollida, a recepción ou o aloxamento de persoas, cando se empregue violencia, intimidación, engano, ou se abuse dunha situación de superioridade ou de necesidade ou vulnerabilidade dunha vítima, xa sexa nacional ou estranxeira, e con algunha das finalidades seguintes:

- A imposición de traballo ou servizos forzados, a escravitude ou prácticas similares á escravitude, a servidume ou a mendicidade.**
- A explotación sexual, incluída a pornografía.**
- A extracción dos seus órganos corporais.**

A Trata de Seres Humanos con fins de explotación sexual, especialmente de mulleres e de nenas, as súas principais vítimas, é unha manifestación máis da situación de desigualdade e de indefensión na que se atopan as mulleres en moitos lugares do mundo e constitúe unha clara expresión da violencia exercida contra a muller.

En Galicia, pola súa banda, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, recolle no seu artigo 3, a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como unha forma de violencia de xénero.

Galicia é pioneira na implicación da Administración autonómica na loita contra esta lacra, coa sinatura en xaneiro de 2010, e actualizada en 2012, do protocolo entre a Fiscalía Superior de Galicia e a Xunta de Galicia sobre a adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.

A **Consellería de Emprego e Igualdade**, con motivo do **Día Europeo contra a Trata de Persoas, celebrado o día 18 de outubro**, puxo en marcha unha nova campaña informativa co lema “**Paremos este mal**” coa finalidade de seguir concienciando á sociedade na loita contra esta lacra e de denunciar a situación que están a sufrir as mulleres na crise sanitaria do coronavirus.

Para iso, distribuíronse 2.000 carteis nos concellos galegos, CIMs, Centros da Rede Galega de Acollemento, Centro de Recuperación Integral (CRI), Delegacións territoriais da Xunta, Xulgados de violencia de xénero, oficinas de atención ás vítimas, nas ONGs que traballan coa Xunta de Galicia nos programas de apoio ás vítimas da trata, e nos centros de saúde.

Ademais o Consello da Xunta aprobou unha Declaración Institucional con motivo do día 18 de outubro que se recolle a continuación:

Declaración Institucional da Xunta de Galicia na celebración do 18 de outubro, Día Europeo contra a trata de seres humanos.

“Con motivo da conmemoración, o 18 de outubro, do Día Europeo contra a Trata de Seres Humanos, instaurado por primeira vez pola Unión Europea no ano 2007, o Goberno Galego quere reiterar o seu absoluto rexeitamento ante unha das manifestacións máis extremas e crueis das desigualdades e da violencia contra as mulleres.

Todos os datos apuntan a que a trata, a prostitución e a explotación sexual, en calquera das súas formas, atópanse fortemente interrelacionadas entre si. Son moitos os instrumentos internacionais que inciden nesta dobre cuestión. Por iso, dentro da violencia de xénero e da desigualdade en xeral entre homes e mulleres, a trata con fins de explotación sexual ten unha especial gravidade, pois implica a redución máxima dunha persoa a mero obxecto, e a persoa reducida a esta condición está exposta a un trato vexatorio e incluso violento.

A situación xerada pola crise sanitaria derivada da COVID-19 aumentou a situación de especial vulnerabilidade para as vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral. Así pois, o Goberno galego reforzou todos os dispositivos no ámbito da intervención social en estreita colaboración cas ONGs que conforman a Rede Galega contra a Trata.

Galicia dispón de vivendas de seguridade para vítimas de explotación sexual que no último ano acolleron e atenderon a 32 mulleres e 8 menores en situación de risco. E tamén están activas as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, cuxa implicación é imprescindible para desenvolver proxectos de atención integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual e vítimas de trata. A finalidade é apoiar a recuperación e a integración social e laboral. Nestes programas atendéronse a 685 persoas no ano 2020.

Reiteramos o compromiso da Administración autonómica na loita contra a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual. Proseguiremos o noso labor mediante o reforzamento dos mecanismos de atención, apoio e información ás vítimas, que quedarán garantidos no Plan Galego contra a Trata, potenciando a colaboración e a coordinación institucional e co terceiro sector, así como con outras comunidades autónomas a través do proxecto Rede por unha vida libre de violencia para as mulleres en contextos de prostitución e para a eliminación da trata e a explotación sexual infantil e adolescente.

Finalmente, e unha vez máis, o Goberno galego fai un chamamento á cidadanía para amosar o máis absoluto rexeitamento fronte á explotación sexual, que supón un atentado contra os dereitos humanos.”

- **Atención integral a persoas en situación de explotación sexual e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral.**

No Diario Oficial de Galicia do 2 de xuño de 2021 publicouse a Resolución do 18 de maio de 2021 da [Secretaría Xeral da Igualdade](#), pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral na Comunidade Autónoma de Galicia, susceptible de ser financiada con fondos REACT-UE no marco do PO FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 . A finalidade destas axudas é a de apoiar a recuperación e a integración social e laboral destas persoas.

As subvencións obxecto desta convocatoria destinouse un orzamento total de catrocentos cincuenta mil euros (450.000 €).

Os proxectos subvencionados debían incluír algunha das actuacións do seguinte tipo:

- a) Atención inicial nos chamamentos realizados polas autoridades competentes- xudiciais, fiscais e policiais-, para a atención inmediata ás vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral en asistencia social, legal ou psicolóxica.
- b) Asesoramento social e actuacións de apoio directo nas relacións coas distintas entidades, organismos e servizos para a realización de trámites administrativos de diversa índole: sociais, sanitarios, policiais, xudiciais, laborais, de formación, etc., e que permitan ás persoas beneficiarias iniciar o seu proceso de normalización social, así como atención, información e asesoramento continuado sobre os recursos; e acompañamento, apoio e seguimento no proxecto persoal de cada persoa usuaria.
- c) Atención psicolóxica, para abordar posibles trastornos emocionais e/ou condutuais e na procura da súa recuperación persoal.
- d) Asesoramento xurídico sobre os seus dereitos e deberes, así como para a tramitación de procedementos administrativos de diversa índole:

autorizacións de residencia e traballo, revogacións de ordes de expulsión, reagrupamento familiar, retorno ao país de orixe, cuestións laborais e civís, procesos de denuncia, xestións policiais, procesos penais, etc.

- e) Orientación e asesoramento laboral, incluídas as actividades formativas: como formación básica (habilidades sociais, alfabetización, economía doméstica, etc.) e formación prelaboral e laboral, coa finalidade de facilitar e mellorar a súa empregabilidade e a súa inserción laboral.
- f) Atención e asesoramento en traballo de rúa, co obxectivo de achegamento a aqueles lugares onde se poden atopar persoas vítimas de trata de seres humanos, en situación de explotación, para establecer encontros iniciais, achegándolles información sobre os recursos existentes e/ou información hixiénico-sanitaria, xurídica, social etc. de xeito que se permitan o seu acceso as actuacións normalizadas previstas neste artigo.

A través da Resolución do 3 de setembro de 2021, da [Secretaría Xeral da Igualdade](#), déuselle publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da antedita Resolución do 18 de maio de 2021 (DOG nº 177, do 14 de setembro).

Datos de persoas participantes nos programas desenvolvidos no ano 2021:

Persoas participantes por provincia	
Provincia	Nº persoas
A Coruña	333
Lugo	126
Ourense	111
Pontevedra	56
Total	626

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Vivendas de seguridade para mulleres vítimas de explotación sexual e trata.**

No ano 2021 a [Consellería de Emprego e Igualdade](#) asinou tres convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de dispositivos destinados á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata no que se lles presta acollida, axuda e asistencia directa, integran nos seus dispositivos unha vivenda de seguridade, destinada a

facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación dun espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades competentes.

A vulnerabilidade das mulleres vítimas de explotación sexual (situación de persoas explotadas, estigmatización e rexeitamento social que soportan, dificultades do idioma, medo, situación de inmigración ilegal) ponse especialmente de manifesto cando as mulleres deciden rachar coa situación de explotación na que se atopan.

Por iso, considérase prioritario fomentar toda actividade desenvolvida ao respecto e colaborar con aquelas entidades, como é o caso, que contan con centros e persoal propio para prestar un servizo integral, de atención, apoio, acollida e de recuperación.

Estes centros destínanse a facilitarlle ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación un espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades.

Nº total de persoas usuarias no ano 2021:

Persoas usuarias		
Mulleres	Menores	
	Nenas	Nenos
24	1	2

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Accións de información, prevención e sensibilización sobre violencia sexual e trata, preferentemente entre mulleres inmigrantes, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.**

No ano 2021 a **Consellería de Emprego e Igualdade**, asinou de novo convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro, pertencentes á Rede Galega contra a Trata, para o desenvolvemento de accións de información, sensibilización e prevención da violencia sexual e da trata, fundamentalmente entre as mulleres inmigrantes. A súa finalidade principal é contribuír á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero,

fundamentalmente entre as mulleres inmigrantes, así como accións de información, a través de todas as vías que favorezan o coñecemento dos recursos e servizos existentes para a atención ás vítimas da violencia sexual e trata, realizando a máxima difusión dos mesmos entre a poboación inmigrante.

A Rede Galega contra a Trata, está formada por entidades con experiencia contrastada de moitos anos de traballo con mulleres inmigrantes vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou laboral, e que desenvolven en Galicia accións que teñen como fin promover a participación e integración activa destas vítimas na vida social, laboral, económica a través de programas específicos de atención integral de acollida, axuda psicolóxica, xurídica e asistencia directa.

Nº. de accións de sensibilización e información fronte á prostitución e a trata con fins de explotación sexual como formas de violencia contra as mulleres desenvolvidas: 68

Nº de participantes nas accións de sensibilización e información fronte á prostitución e a trata con fins de explotación sexual como formas de violencia contra as mulleres: 2.040



Ademais realizáronse diferentes accións de sensibilización e prevención como foi a organización e desenvolvemento da X Xornada da Rede galega contra a trata, que tivo lugar o 21 de outubro de 2021 co título "A prostitución: Xeito de Violencia de Xénero.

- **Atención de emerxencia ás vítimas de trata de seres humanos e/ou de explotación sexual, derivada da crise sanitaria por Covid19, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.**

A situación xerada pola crise sanitaria derivada do Covid19 provoca unha situación de especial vulnerabilidade para as mulleres vítimas de trata de seres humanos e de explotación sexual, emerxendo situacións de absoluta desprotección. O estado de perigo que viven estas mulleres agravouse, ademais o illamento social e a falta de redes de apoio familiares ou sociais dificulta máis as súas posibilidades de acceder a recursos para cubrir as súas

necesidades básicas e, no caso das estranxeiras, a isto súmase que en moitos casos se atopan en situación irregular.

Por isto, en 2021 a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade asinou novamente convenios de colaboración coas entidades da Rede Galega contra a Trata, coa finalidade de dar un apoio de emerxencia ás vítimas de trata de seres humanos e/ ou de explotación sexual, para cubrir necesidades básicas e puntuais, como o aloxamento, alimentación, hixiénico-sanitarias, de transporte e telecomunicación.

A través deste convenio atendéronse de xeito directo a un total de 203 persoas:

PROVINCIA	Nº de beneficiarias
A CORUÑA	114
LUGO	41
OURENSE	38
PONTEVEDRA	10
TOTAL	203

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Actuacións no marco do Protocolo de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para establecer unha Rede de entidades locais en contra da violencia de xénero e realizar outras accións de sensibilización social en contra da violencia de xénero.**

Con data 12 de setembro de 2012 a **Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)** asinaron un protocolo de colaboración co obxecto de promover unha rede de entidades locais en contra da violencia de xénero, que se configurará como un instrumento que permita conseguir o rexeitamento social e institucional da violencia de xénero, sensibilizando á poboación e conseguindo a súa implicación e compromiso real contra esta lacra, fomentando ao mesmo tempo modelos alternativos de convivencia baseados no respecto e na igualdade. O 15 de novembro de 2017 ambas institucións asinaron un novo

acordo de colaboración para o impulso da Rede de Entidades Locais contra a violencia de xénero.

A rede de entidades locais contra a violencia de xénero e a [Secretaría Xeral da Igualdade](#) colaborarán na consecución dos seguintes obxectivos:

- Promover e apoiar proxectos de prevención da violencia de xénero e detección precoz de situacións de risco.
- Mobilizar e implicar a toda a sociedade na loita contra a violencia de xénero, fomentando unha actitude crítica, solidaria e comprometida fronte a situacións de maltrato.
- Fomentar o trato igualitario entre mulleres e homes.
- Conseguir a tolerancia cero coas persoas agresoras.

A finais de 2021 estaban adheridas a esta Rede 219 entidades locais, coa seguinte desagregación:

Provincia	Nº
A Coruña	77
Lugo	44
Ourense	54
Pontevedra	44
Total	219

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade

No marco deste protocolo no ano 2021 **dende a Secretaría Xeral da Igualdade ofertáronse varias actividades ás entidades locais adheridas, entre elas Obradoiros sobre Violencia de xénero e o novo contexto dixital e Charlas informativas sobre agresións sexuais e violencia sexual.**

CONCESIÓNS POR PROVINCIA					
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Violencia de xénero e novo contexto dixital	24	14	16	15	69
Charlas informativas sobre agresións sexuais e violencia sexual	7	4	4	9	24
TOTAL	31	18	20	24	93

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Obradoiros sobre “Violencia de xénero e o novo contexto dixital”**, obradoiros educativos para nenos, nenas e adolescentes, preferentemente expostos a situacións de violencia de xénero, centradas no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xorden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, *grooming*, *sexting*...

O obxectivo xeral que se pretende abordar a través das sesións formativas deste obradoiro é, principalmente, sensibilizar sobre a violencia nas redes e a ciberviolencia de xénero no contexto da internet.

Para iso trabállase na transmisión de coñecementos e conceptos básicos relacionados co xénero, a igualdade, o respecto á intimidade, e unha boa convivencia na rede e bo uso das redes sociais.

Todo iso con enfoque de xénero, e tratando de eliminar estereotipos que perpetúan actitudes sexistas tamén no contexto dixital.

Obxectivos específicos:

- Sensibilizar acerca de violencia de xénero e ciberviolencia de xénero entre os e as novas.
- Favorecer a reflexión persoal sobre o respecto, a intimidade e as boas prácticas nos contextos dixitais e as redes sociais.
- Informar sobre os riscos na rede: *sexting*, *grooming*, *ciberbullying* e ciberviolencia dos que poden formar parte os e as menores de idade.

Posto que o programa ten unha perspectiva preventiva, trátase de dotar ao alumnado coas ferramentas necesarias para poder tomar consciencia do problema real, e que á súa vez desenvolvan o pensamento crítico e a autoavaliación e autoexploración das propias condutas e actitudes. Isto resulta vital para poder determinar o papel que xogan nas situacións referidas, así como as posibles consecuencias do uso que fan da internet e as novas tecnoloxías, para poder comezar a vivir un cambio real.

Concellos nos que se desenvolveu esta actuación:

CONCELLO	PROVINCIA
PORTO DO SON	A CORUÑA
SAN SADURNIÑO	A CORUÑA
MUROS	A CORUÑA
MAZARICOS	A CORUÑA
VIMIANZO	A CORUÑA
ZAS	A CORUÑA
CABANAS	A CORUÑA
MALPICA DE BERGANTIÑOS	A CORUÑA
LOUSAME	A CORUÑA
LAXE	A CORUÑA
COIRÓS	A CORUÑA
NEDA	A CORUÑA
FISTERRA	A CORUÑA
ARTEIXO	A CORUÑA
FENE	A CORUÑA
CERCIDO	A CORUÑA
ARANGA	A CORUÑA
CURTIS	A CORUÑA
ABEGONDO	A CORUÑA
BOIRO	A CORUÑA
MUGARDOS	A CORUÑA
CARNOTA	A CORUÑA
CARIÑO	A CORUÑA
ARZUA	A CORUÑA
PARADELA	LUGO
SAMOS	LUGO
O PÁRAMO	LUGO
PALAS DE REI	LUGO
PORTOMARIN	LUGO
XOVE	LUGO
A PASTORIZA	LUGO
MONDOÑEDO	LUGO
VILALBA	LUGO

POL	LUGO
ANTAS DE ULLA	LUGO
TABOADA	LUGO
A FONSAGRADA	LUGO
BÓVEDA	LUGO
MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA	OURENSE
VIANA DO BOLO	OURENSE
AVIÓN	OURENSE
MACEDA	OURENSE
PIÑOR	OURENSE
MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DE SANTA ÁGÜEDA	OURENSE
MANCOMUNIDADE DO RIBEIRO	OURENSE
BARBADÁS	OURENSE
MUIÑOS	OURENSE
CORTEGADA	OURENSE
BANDE	OURENSE
O PEREIRO DE AGUIAR	OURENSE
LOIBOS	OURENSE
PORQUEIRA	OURENSE
LAROUCO	OURENSE
O BOLO	OURENSE
A ESTRADA	PONTEVEDRA
TOMIÑO	PONTEVEDRA
VILABOA	PONTEVEDRA
PONTECESURES	PONTEVEDRA
MEAÑO	PONTEVEDRA
POIO	PONTEVEDRA
CALDAS DE REIS	PONTEVEDRA
PONTE CALDELAS	PONTEVEDRA
PONTEAREAS	PONTEVEDRA
A LAMA	PONTEVEDRA
CUNTIS	PONTEVEDRA
MOS	PONTEVEDRA

O GROVE	PONTEVEDRA
SALCEDA DE CASELAS	PONTEVEDRA
FORCAREI	PONTEVEDRA

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Charlas informativas sobre agresións sexuais e violencia sexual**, a cargo de persoal especializado e que se desenvolveron en 24 concellos.

CONCELLO	PROVINCIA
SANTISO	A CORUÑA
OROSO	A CORUÑA
CERCEDA	A CORUÑA
NOIA	A CORUÑA
ARES	A CORUÑA
NEGREIRA	A CORUÑA
MUXIA	A CORUÑA
QUIROGA	LUGO
BARREIROS	LUGO
RIBADEO	LUGO
BEGONTE	LUGO
RAIRIZ DE VEIGA	OURENSE
VERÍN (MANCOMUNIDADE DE VERÍN)	OURENSE
CASTRO CALDELAS	OURENSE
CASTRELO DE MIÑO	OURENSE
SILLEDA	PONTEVEDRA
RODEIRO	PONTEVEDRA
SANXENXO	PONTEVEDRA
MARÍN	PONTEVEDRA
NIGRÁN	PONTEVEDRA
REDONDELA	PONTEVEDRA
PORRIÑO	PONTEVEDRA
PONTEVEDRA	PONTEVEDRA
ARBO	PONTEVEDRA

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Observatorio Galego da Violencia de Xénero.**

A Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa disposición adicional sexta, prevé a creación do **Observatorio Galego da Violencia de Xénero** como órgano colexiado e institucional de Galicia encargado do estudo, da avaliación e do seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolvan en Galicia.

No DOG núm. 142 do 26 de xullo de 2012 publicouse o Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.

A constitución do Observatorio Galego da Violencia de Xénero tivo lugar o 5 de maio de 2014, presidido polo Vicepresidente da Xunta de Galicia.

O Observatorio actúa en Pleno e nas comisións de traballo específicas que estime necesario crear.

O primeiro (GT1), encargado da Elaboración dun Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero a nivel autonómico. O grupo rematou o seu traballo coa elaboración do citado Protocolo.

O segundo (GT2), "A voz das vítimas, encargouse de escoitar as experiencias directas destas para extraer conclusións e directrices de mellora nas actuacións. Os seus traballos remataron, e del extraeuse un documento de recomendacións que integra en parte o Protocolo autonómico.

O terceiro grupo (GT3), traballa a abordaxe da violencia de xénero coa mocidade dende o ámbito educativo, determinando estratexias e propostas de traballo preventivo coa xente nova. O grupo está aínda operativo. Este grupo de traballo foi o encargado de elaborar a "Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo"

O GT4.- "Pautas para a prevención e o tratamento das distintas formas de violencia sexual." Foi creado na xuntanza anual do Pleno do Observatorio que tivo lugar en decembro de 2019.

En 2021 o Observatorio levou a cabo no mes de febreiro a xuntanza anual do Pleno. No GT4 traballouse ao longo do ano 2021 na elaboración dunha guía sobre a trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

4.-IMPACTO COVID SOBRE A VIOLENCIA SEXUAL.

CONTEXTO INTERNACIONAL E NACIONAL (2021).

Antes da pandemia de COVID-19, xa existía outra pandemia que ameazaba a vida e o benestar das persoas de todo o mundo: a violencia contra a muller, que afecta como mínimo a unha de cada tres mulleres e nenas.

Desde os primeiros días de confinamento como consecuencia da COVID, as organizacións de mulleres rexistraron un aumento significativo nos casos denunciados de violencia de xénero.



En 2021, un novo informe publicado por “ONU Mujeres”, que agrupa os datos de enquisas recompilados en 13 países de todas as rexións, confirma a gravidade do tema.

A continuación, ofrécense cinco dos principais resultados:

1. **Os números varían entre os países e os datos demográficos, pero, en termos xerais, a pandemia incrementou os casos de violencia contra as mulleres e afectou a súa sensación de seguridade.**
2. **A violencia de xénero tivo repercusións significativas na saúde mental das mulleres durante a pandemia.**

3. **Os factores socioeconómicos tamén inflúen en gran medida nas experiencias de violencia das mulleres.**
4. **A idade non é un obstáculo cando se trata da violencia contra as mulleres.**

Aínda que moitas enquisas sobre a violencia exercida contra as mulleres céntranse especificamente nas mulleres en idade reprodutiva (15 a 49 anos), esta enquisa buscou solicitar as respostas de todas as mulleres maiores de 18 anos. Os resultados revelan que a idade non ofrece demasiada protección: as mulleres maiores de 60 anos sofren violencia cunha frecuencia similar que as mulleres máis novas. Máis da metade destas mulleres informan que elas ou unha muller que coñecen pasaron por algunha forma de violencia.

5. **Especialmente nas situacións de violencia doméstica, as mulleres non adoitan buscar axuda externa.**

A nivel estatal, deberíamos destacar un estudo realizado por investigadoras do CIBER de Epidemioloxía e Saúde Pública (CIBERESP), dirixidas por Belén Sanz-Barbeiro (ISCIII) e por Carmen Vives-Cases (Universidade de Alacante), que foi publicado en BMJOpen.

No estudo participaron 2515 homes e mulleres entre 18 a 35 anos e o 8,5% das persoas entrevistadas declaran estar exposto polo menos a un comportamento violencia sexual no último ano.

Dito estudo, constata que “A violencia sexual pode converterse nun problema de magnitude importante” entre os mozos adultos residentes en España, con secuelas que poden “carrexar situacións que non se resolven a curto prazo” e que desvelan “unha educación sexual pobre e con menor incidencia nos currículos escolares da que merece” segundo conclúe o estudo realizado sobre a incidencia de todo tipo de agresións “antes, durante e despois” do confinamento decretado en 2020 por mor da pandemia”.

Os resultados da investigación indican que o 8,5% dos mozos entre 18 e 35 anos padeceron un episodio de violencia sexual durante ese ano, coas

mulleres, os non heterosexuais e as nadas no estranxeiro, como vítimas máis afectadas.

O traballo mostra unha prevalencia da violencia sexual maior da esperada, segundo declara Carmen Vives-Cases, directora da Unidade de Igualdade da Universidade de Alacante (UA).

Esta alta incidencia da violencia sexual entre os mozos pode deberse, sinala a investigadora, "a que os mozos saben identificar" comportamentos violentos "que os maiores integramos nas nosas relacións".

O estudo non só recolle agresións físicas que poden chegar á penetración non desexada, senón tamén "acoso rueiro ou ameazas nas redes sociais", situacións nas que esta franxa de idade mostra "maior concienciación, sobre todo entre as mozas".

Con todo, o panorama que debuxan as cifras solicitadas "é preocupante", xa que entronca cun déficit de educación sexual e que se deben "planificar mellor as respostas á violencia sexual" en todas as accións que se expoñan para erradicala, sostén a científica.

O estudo, no que participaron 2.515 persoas nadas entre 1985 e 2002, españois ou residentes en España, fixou o confinamento decretado polo Goberno entre marzo e maio de 2020 como ancoraxe. As preguntas indagaban a presenza de violencia sexual "antes, durante e despois" do peche forzado pola expansión do coronavirus durante a súa primeira onda.

En total, un 8,5% dos enquisados afirmaron sufrir algún episodio de violencia sexual, unha porcentaxe que sufriu unha abrupta caída durante o confinamento, no que a prevalencia foi dun 1,9%.

Con todo, "durante ese período, as relacións sexuais con penetración non desexadas aumentaron e afectaron ao 64,4% das vítimas". "Durante o confinamento", explica Vives-Cases, "a maior parte dos casos produciuse entre parellas ou conviventes e a través das redes sociais", indica, "e os mozos son capaces de percibir que están máis expostos á violencia sexual" con

persoas de fóra da súa contorna máis próxima, "pero cústalles máis vela no ámbito da parella".

Os datos inclinan o índice de agresións sufridas ao lado das mulleres (10,5%), fronte ao dos homes, case catro puntos por baixo. Pero "aínda que as medidas de peche como contención da pandemia diminuíron as agresións sexuais que ocorreron fóra da convivencia, a exposición a relacións non desexadas aumentou durante ese período, sobre todo en mulleres nadas fose de España, homes homosexuais e mulleres bisexuais", asevera a catedrática da UA, que superan en todos os casos o 13% de incidencia e chega ao 17,5% no grupo das bisexuais. (13-01-2022).

Das ideas á acción: a igualdade de xénero por mor da COVID-19.



*Esta publicación resume os datos, a investigación e o traballo de políticas da División de Políticas e Programas de **ONU Mujeres** sobre o impacto da pandemia nas mulleres e as nenas, incluído o impacto na pobreza extrema, o emprego, a saúde, a atención non remunerada e a violencia contra as mulleres e as nenas.*

O informe baséase no informe de políticas do Secretario Xeral das Nacións Unidas sobre o impacto da Covid-19 nas mulleres, o informe de ONU Mujeres "Spotlight on gender, COVID-19 and the SDGs", os informes temáticos de políticas de ONU Mujeres centrados en covid-19, así como os datos emerxentes das avaliacións rápidas de xénero de ONU Mujeres.

Un dos impactos máis graves da pandemia de covid-19 é o aumento da violencia de xénero contra as mulleres. Nos casos de violencia machista, o fogar convértese no lugar máis perigoso para as mulleres.

O confinamento incrementou o risco de violencia, porque as mulleres pasaron máis horas cos seus maltratadores e xeráronse máis conflitos ao redor de cuestións domésticas e familiares.

Ademais, nestes casos, a violencia prolóngase sen ser interrompida e o agresor crese impune e gaña seguridade. Outro tipo de violencia que aumentou durante a pandemia é a ciberviolencia, é dicir, os ataques a mulleres e nenas a través de Internet e as redes sociais. Durante o confinamento, a tecnoloxía foi esencial para romper o illamento e manter o contacto cos demais, pero tamén incrementou as posibilidades de acoso a través das redes.

As nenas son un colectivo especialmente vulnerable ante os efectos da pandemia. Igual que creceu a violencia machista durante o confinamento, tamén as menores de idade víronse máis expostas á violencia sexual na contorna familiar.

A isto hai que sumarlle o risco de ciberacoso, nun momento en que os menores pasan gran parte do seu tempo na internet e as redes sociais, xa sexa no seu tempo libre ou mesmo durante as horas de clase.

Os casos de acoso sexual a menores por internet, un delito coñecido tamén baixo o termo de child grooming, aumentaron un 55% en 2020 en relación co ano anterior e un 175% con respecto a 2018. É un dos datos que recolle a Memoria da Fiscalía Xeral do Estado anteriormente citado neste informe.

Nesta mesma memoria da Fiscalía Xeral do Estado, advírtese da "preocupante evolución dos delitos 'online' contra a liberdade sexual", en particular dos que afectan a menores de idade, que supoñen un 8,5% do total e representan un incremento do 18,45% con respecto a 2019.

5.- BIBLIOGRAFIA E FONTES DE ESTUDO.

- o <https://observatorioviolencia.org/el-parlamento-europeo-vota-una-resolucion-legislativa-a-favor-de-que-la-violencia-de-genero-sea-tipificada-como-eurodelito/>
- o <https://www.europarl.europa.eu/news/es/press-room/20210910IPR11927/la-violencia-de-genero-debe-ser-considerada-un-delito-en-la-ue-segun-el-pe>
- o OMS: <https://www.who.int/es>
- o ¿Cómo aborda la UE la violencia de género? | Noticias | Parlamento Europeo (europa.eu)
- o Macroencuesta de Violencia contra a Muller 2019
- o Memoria da Fiscalía Xeral do Estado: (MEMFIS 2021)
- o Enquisa: Percepción da sociedade galega sobre a violencia de xénero
- o "Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero"
- o <https://noticias.juridicas.com/actualidad/noticias/16804-ley-15-2021-galicia-incluye-la-violencia-de-genero-digital-en-su-legislacion-contr-el-machismo/>
- o Informe sobre delitos contra a liberdade e indemnidade sexual en España 2020. 2020 - Ministerio del Interior
- o Título VIII de Libro II do Código penal (arts.178 ao 194)
- o <https://estadisticasdecriminalidad.ses.mir.es/publico/portalestadistico/portal/datos.html?type=pcaxis&path=/DatosBalanceAnt/20201/&file=pcaxis>
- o geoviolenciasexual.com (2021). ¿Qué es la violencia sexual?
- o Medición de la pandemia en la sombra: violencia contra las mujeres durante la COVID-19 | Centro de Datos de ONU Mujeres (unwomen.org)
- o La pandemia de COVID-19 y la violencia contra la mujer: qué nos revelan los datos | ONU Mujeres (unwomen.org)
- o "El 8,5% de los jóvenes en España ha sufrido violencia sexual en el último año", según estudio de Alicante (elespanol.com)
- o De las ideas a la acción: la igualdad de género a raíz de la COVID-19 | Biblioteca digital: publicaciones | ONU Mujeres – Sede (unwomen.org)
- o Prevalence and associated factors with sexual violence victimisation youth before, during and after the COVID-19 lockdown: a cross-sectional study in Spain Belén Sanz-Barbero, Carme Saurina, Laura Serra, Gemma Renart Vicens, Laura Vall-Llosera Casanovas, Laura Otero-García, María José López, Glòria Perez, Carmen Vives-Cases. BMJ Open. 2021 Nov 29;11(11):e055227. DOI: 10.1136/bmjopen-2021-055227

